

XEOGRAFÍA

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, únicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: tectónica de placas, inversión térmica, barlovento, silvicultura, taxa de fecundidade, censo de poboación (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1. Defina, en un máximo de cinco liñas, únicamente catro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: tectónica de placas, inversión térmica, barlovento, silvicultura, tasa de fecundidad, censo de población (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Cite os cinco ríos indicados na figura 1 (1 punto).

b) Comente a figura 2 seguindo estas cuestións:

- Identifique o documento e indique as variables que aparecen (1 punto).
- Señale o tipo de réxime representado na figura 2 e analice as causas (1 punto).
- Determine o tipo de zona xeográfica á que pertence e as consecuencias deste réxime (1 punto).

2. Atendiendo a los documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Cite los cinco ríos indicados en la figura 1 (1 punto).


b) Comente la figura 2 siguiendo estas cuestiones:

- Identifique el documento e indique las variables que aparecen (1 punto).
- Señale el tipo de régimen representado en la figura 2 y analice las causas (1 punto).
- Determine el tipo de zona geográfica a la que pertenece y las consecuencias de este régimen (1 punto).

Figura 1



Figura 2



Fonte: España a través de los mapas

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Situación actual da industria en España e Galicia”. a) Desafíos: problemas estruturais (dimensión, I+D+i, tecnoloxía) e consecuencias da incorporación á Unión Europea. b) Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización.

3.- Desarrolle el tema a partir del siguiente guión (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Situación actual de la industria en España y Galicia”. a) Desafíos: problemas estructurales (dimensión, I+D+i, tecnología) y consecuencias de la incorporación a la Unión Europea. b) Tendencias recientes de la industria en España: globalización y deslocalización.

XEOGRAFÍA

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: ría, estiaxe, maquis, agricultura ecolóxica, economías de escala, esperanza de vida, padrón municipal de habitantes (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1. Defina, en un máximo de cinco liñas, unicamente catro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: ría, estiaje, maquis, agricultura ecológica, economías de escala, esperanza de vida, padrón municipal de habitantes (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Observe a figura 1 e identifique as dez provincias peninsulares que recibiron 600.000 o mais turistas estranxeiros (1 punto).

b) Comente os documentos seguindo estas cuestións:

- Analice os tipos de documentos nas figuras 1 e 2 (1 punto).
- Comente a figura 2 analizando a súa posible localización, os elementos e as características deste espazo relacionándoas co tipo de actividade dominante (1 punto).
- Analice distintas repercusións da actividade económica dominante nesta paisaxe (1 punto).


2.- Atendiendo a los documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Observe la figura 1 e identifique las diez provincias peninsulares que recibieron 600.000 ó mas turistas extranjeros (1 punto).

b) Comente los documentos siguiendo estas cuestiones:

- Analice los tipos de documentos en las figuras 1 y 2 (1 punto).
- Comente la figura 2 analizando su posible localización, los elementos y las características de este espacio relacionándolas con el tipo de actividad dominante (1 punto).
- Analice distintas repercusiones de la actividad económica dominante en este paisaje (1 punto).

Figura 1



Fonte: INE

Figura 2



Fonte: Wikimedia Commons (Data: 17.03.2008)

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares. Tipos de unidades morfoestruturais”. a) Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas (da era arcaica ao glacialismo cuaternario). b) Tipos de unidades: zócolo, macizos antigos, cordilleiras de pregamento, cuncas sedimentarias.

3.- Desarrolle el tema a partir del siguiente guión (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Formación y evolución geomorfológica de la Península Ibérica y de las Islas Canarias y Baleares. Tipos de unidades morfoestructurales”. a) Formación y evolución geomorfológica de la Península Ibérica y de las Islas (de la era arcaica al glacialismo cuaternario). b) Tipos de unidades: zócalo, macizos antiguos, cordilleras de plegamiento, cuencas sedimentarias.

XEOGRAFÍA

OPCIÓN A

1.- Defina, nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: aridez, barlovento, cunca fluvial, padrón municipal de habitantes, esperanza de vida, saldo migratorio (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1.- Defina, en un máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: aridez, barlovento, cunca fluvial, padrón municipal de habitantes, esperanza de vida, saldo migratorio (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

2.- Comente os documentos presentados atendendo ás seguintes cuestións (puntuación máxima de 4 puntos):

- Relacione o número de cada imaxe cunha letra da figura inicial (1 punto).
- Identifique os tipos de rochas predominantes en cada paisaxe especificando a súa orixe xeolóxica (1 punto).
- Analice os procesos erosivos e os tipos de modelado resultantes en cada caso (2 puntos).

2.- Comente los documentos presentados atendiendo a las siguientes cuestiones (puntuación máxima de 4 puntos):

- Relacione el número de cada imagen con una letra de la figura inicial (1 punto).
- Identifique los tipos de rocas predominantes en cada paisaje especificando su origen geológico (1 punto).
- Analice los procesos erosivos y los tipos de modelado resultantes en cada caso (2 puntos).



3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema: "Transformacións recentes na estrutura das cidades". a) Cidade difusa. b) Os cambios no centro urbano (degradación vs rehabilitación). c) Cambios de uso no solo urbano.

3.- Desarrolle el tema a partir del siguiente guión (puntuación máxima 4 puntos): Tema: "Transformaciones recientes en la estructura de las ciudades". a) Ciudad difusa. b) Los cambios en el centro urbano (degradación vs rehabilitación). c) Cambios de uso en el suelo urbano.

XEOGRAFÍA

OPCIÓN B

1.- Defina, nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: aluvi3n, ría, cunca fluvial, acuicultura, poboación activa, transición demográfica.

1.- Defina, en un máximo de cinco liñas, unicamente catro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: aluvi3n, ría, cuenca fluvial, acuicultura, población activa, transición demográfica.


2.- Atendendo ao documento conteste as seguintes cuestións (puntuación máxima de 4 puntos):

- Indique o nome das catro illas cos aeroportos de maior número de pasaxeiros (1 punto).
- Identifique o tipo de documento e expoña brevemente as características do transporte aéreo (1 punto).
- Explique as causas dos distintos valores entre provincias (1 punto).
- Expoña as consecuencias do elevado número de aeroportos (1 punto).

2.-Atendiendo al documento conteste las siguientes cuestiones (puntuación máxima de 4 puntos):

- Identifique el nombre de las cuatro islas con los aeropuertos de mayor número de pasajeros (1 punto).
- Identifique el tipo de documento y exponga brevemente las características del transporte aéreo (1 punto).
- Explique las causas de los distintos valores entre provincias (1 punto).
- Exponga las consecuencias del elevado número de aeropuertos (1 punto).

Tráfico de pasajeros en los aeropuertos comerciales. 2008 (p)
Unidad: Miles de pasajeros



Fonte: Ministerio de Fomento

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):

Tema: "Diversidade climática galega e a súa influencia nos ríos e na vexetación". a) Diversidade climática. b) Os ríos de Galicia. c) A diversidade bioxeográfica.

3.- Desarrolle el tema a partir del siguiente guión (puntuación máxima 4 puntos): Tema: "Diversidad climática gallega y su influencia en los ríos y en la vegetación". a) Diversidad climática. b) Los ríos de Galicia. c) La diversidad biogeográfica.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: tectónica de placas, inversión térmica, barlovento, silvicultura, taxa de fecundidade, censo de poboación (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Tectónica de placas: teoría que explicou a deriva continental e outros fenómenos. A superficie exterior da Terra consiste en aproximadamente dez bloques ou placas ríxidas. Estas transportan os continentes e os solos oceánicos, están en constante movemento e son a causa de moita actividade xeolóxica (formación de montañas, volcáns e terremotos). As placas sofren tres tipos básicos de movementos: sepáranse, converxen e deslízanse.

Inversión térmica: incremento da temperatura do ar ao aumentar a altura, cando debera de diminuír segundo o gradiente adiabático normal. O ar máis cálido atópase sobre o máis frío. A nivel do solo, é resultado da irradiación nocturna con ar en calma e ceo despexado nunha situación anticiclónica invernal.

Barlovento: Aba dun relevo montañoso que pola súa orientación respecto ao vento dominante queda exposto ao fluxo ascendente do aire. A aba de sotavento, polo contrario, queda exposta ao fluxo descendente.

Silvicultura: Actividade que trata do cultivo de montes e bosques. A práctica máis habitual da silvicultura é o aproveitamento forestal de espazos destinados á produción de madeira, leña ou resinas, pero que tamén poden ter un efecto positivo na protección de cuncas hidrográficas, a conservación de hábitats naturais -susceptibles de integrarse en parques naturais protexidos- e o desenvolvemento de espazos recreativos.

Taxa de fecundidade xeral pon en relación o número de nados vivos nun ano determinado co número de mulleres en idade de procrear, isto é, entre os 15 e os 49 anos.

Censo de poboación: É un documento no que se reconta a poboación dun país nun momento determinado, achéganos información sobre o volume de poboación dun lugar, a súa composición por sexo e por idades, estado civil, tamaño da familia, nivel de estudos, renda, etc.

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Cite os cinco ríos indicados na figura 1 (1 punto).

A: Sil; B: Gállego; C: Llobregat; D: Júcar (Xúquer); y E: Guadalquivir.

b) Comente a figura 2 seguindo estas cuestións:

- Identifique o documento e indique as variables que aparecen (1 punto).

O documento que se presenta é un **hidrograma** (gráfico lineal) que reflicte a evolución do coeficiente de caudal dun río ao longo dun ano. No eixo horizontal reflíctense **os meses do ano hidrolóxico** (de aí a súa disposición de outubro a setembro) e no eixo vertical reflíctese a variación do **coeficiente de caudal (K)** que resulta de dividir o caudal medio de cada mes entre o caudal medio anual ou módulo. No gráfico **o valor 1 corresponde ao caudal medio anual**; un valor inferior a 1 indica augas baixas e un valor superior a 1, augas altas.

A través dunha **liña evolutiva vermella** que expresa a variación deste caudal con respecto ao caudal medio ou módulo (valor 1 no eixo vertical). Na información que acompaña á gráfica amósanse os valores reais do caudal (en m³/sg) e os valores do coeficiente de caudal correspondentes a cada mes.

- Sinale o tipo de réxime representado na figura 2 e analice as causas (1 punto).

A evolución do caudal medio amosa un **máximo moi marcado da primavera** -mes de maio- relacionado coa fusión da neve, e outro **máximo secundario de outono**, que é cando se dan as maiores precipitacións de choiva. Os valores **mínimos prodúcense en inverno**, momento no que a meirande parte das precipitacións das zonas altas se producen en forma de neve; o **outro mínimo, estival**, este relacionado coa diminución relativa das precipitacións e o incremento da evaporación por mor dunhas temperaturas máis elevadas. Estas características correspóndense como **modelo de réxime hidrográfico nivopluvial**.

- Determine o tipo de zona xeográfica á que pertence e as consecuencias deste réxime (1 punto).

O réxime nivopluvial dáse na cabeceira dos ríos que nacen nas cordilleiras do norte peninsular; pertencería a unha estación de aforo próxima ao nacemento do río (afluentes da marxe esquerda do río Ebro).

Os ríos situados nestas áreas xeográficas poden producir abundantes remanentes de auga para o regadío en zonas máis baixas, e tamén son utilizados como recurso para a xeración hidroeléctrica pola gran altitude das montañas nas que nacen (máis de 1500 metros).

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Situación actual da industria en España e Galicia”. a) Desafíos: problemas estruturais (dimensión, I+D+i, tecnoloxía) e consecuencias da incorporación á Unión Europea. b) Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización.

España é un país integrado no conxunto dos países industriais do mundo. Mais o desenvolvemento da actividade industrial en España non acadou un nivel notable ata a segunda metade do século XX. A crise industrial de 1973-1974, que evidenciou a necesidade de cambiar os sistemas de produción, coincidiu coa revolución tecnolóxico-informática ou terceira revolución industrial. Desenvolveuse unha nova etapa denominada postindustrial ou informacional, que deu lugar a novos modelos de empresas cunha importancia crecente das novas tecnoloxías, a innovación e a investigación. O ingreso de España na Unión Europea (a partir de 1986) supuxo o final do proteccionismo e a apertura do mercado á competencia exterior, que ten provocado unha reconversión industrial e peche de moitas industrias non competitivas.

Desafíos: problemas estruturais e consecuencias da incorporación á Unión Europea.

A industria española presenta diversos problemas estruturais que afectan negativamente á súa competitividade fronte á economía europea e global:

- Existe un escaso número de grandes empresas,
- A produtividade industrial é inferior á da Unión Europea.
- O nivel de intensidade tecnolóxica é baixo, e a porcentaxe de investimento en I+D é insuficiente.

Todo isto provoca unha balanza tecnolóxica deficitaria: as principais empresas de automóbiles, maquinaria eléctrica, aparellos electrodomésticos e produtos farmacéuticos fabrican con patentes estranxeiras, que son un enorme gasto para España que debe pagar pola súa aplicación.

A industria española, tras a entrada na Unión Europea, viviu un proceso de modernización produtiva que ten pasado por sucesivas crises (1990-1993, e a actual, desde 2007-2008). A mediados da década de 1990, a industria española, recuperada da primeira reconversión industrial, convertírase no sector de actividade máis produtivo grazas á moderación salarial e á flexibilidade na contratación laboral. A economía medraba por enriba da media europea e aumentaba o investimento español nos países da Unión Europea, mentres que en Portugal, o norte de África e Latinoamérica se instalaban empresas españolas.

Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización.

A industria tivo un ritmo positivo de crecemento de vendas, produción e demanda, aínda que vai perdendo importancia dentro do conxunto de actividades económicas a causa da terciarización xeral da economía e do emprego.

A crise financeira de 2007, xurdida inicialmente nos Estados Unidos, afecta posteriormente a toda a economía mundial. Na Unión Europea iniciouse unha tendencia xeral á baixa, que en España se reflicte nunha recesión da carteira de pedidos, un aumento dos *stocks* e unha desaceleración do emprego.

A incorporación de novos países á UE afecta á industria española por diversos motivos: estes países gozan dunha maior proximidade ao grande eixe industrial europeo que constitúen os países nórdicos, Alemania e o Norte de Italia; ademais, a estrutura produtiva é semellante á española, a man de obra máis barata, e a súa produtividade e cualificación en alta tecnoloxía, maior. Así mesmo, o investimento de capital estranxeiro permitiulles a implantación de empresas de alta tecnoloxía, co que aumentou o seu potencial industrial dentro da UE.

Un dos sectores da industria española máis afectados é o dos automóbiles, no que España mantivo un bo ritmo de exportacións; o sector está dominado por empresas de capital estranxeiro que poden deslocalizar as industrias na procura de menores custos.

O actual tecido industrial español estase a incorporar á globalización económica, de maneira que as nosas zonas industriais se configuran como puntos dunha rede de produción a nivel mundial. Nunha economía globalizada, as empresas buscan a competitividade para aumentar a súa cota de mercado; disto deriváanse as causas da deslocalización: a busca de menores custos laborais e de mellores condicións fiscais e técnicas. Por esta razón, as empresas se trasladan a lugares como o Leste de Europa, Sueste asiático, China,...As consecuencias das deslocalizacións son o incremento da taxa de paro e a perda de emprego no sector secundario, que tende cada vez máis a terciarizarse.

Criterios de Avaliación / Corrección

Situación da industria en Galicia.

En 1955, cando outras comunidades españolas comezaban o seu despegue industrial, perto do 70% da poboación galega aínda se dedicaba ás actividades agrícolas. Así pois, o proceso industrializador en Galicia estivo marcado por un evidente atraso, debido non só á falta de iniciativas locais, senón á deficiente organización do sector primario e a súa posición periférica e mal comunicada con respecto aos principais centros de decisión.

A adaptación da industria de Galicia aos novos sistemas produtivos impostos polo proceso de globalización dos mercados, e os problemas que provocou a recesión económica de 2008 requiren novas políticas industriais.

Os desafíos que debe afrontar a industria galega céntranse na mellora da súa competitividade, tanto no mercado nacional coma no internacional. Para iso deberá superar os problemas máis importantes que dificultan o seu desenvolvemento industrial:

- Baixo investimento en I+D de Galicia dificulta a innovación tecnolóxica da industria. O gasto en I+D durante o ano 2007 supuxo 1,03% do PIB, mentres que no conxunto de España representou o 1,27% e na UE-27 1,83%.
- A produtividade industrial é inferior á media española, no obstante nos últimos anos incrementouse grazas ao desenvolvemento tecnolóxico impulsado por empresas e institucións.
- O tecido empresarial no que predominan as PEMEAs dificulta o aumento do investimento en I+D. Este tipo de empresas dispón de menores recursos financeiros para desenvolver proxectos de investigación e desenvolvemento, aínda que tamén unha maior flexibilidade para afrontar crises económicas e adaptarse a novos mercados.

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: ría, estiaxe, maquis, agricultura ecolóxica, economías de escala, esperanza de vida, padrón municipal de habitantes (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Ría: Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes.

Estiaxe: caudal mínimo que acada un río ou lagoa en determinadas épocas do ano, debido especificamente á seca. O termo deriva de estío ou verán, período do ano en que se producen as mínimas precipitacións no clima mediterráneo, predominante na Península Ibérica. A estiaxe está asociada non só ao déficit de precipitacións, senón tamén ao incremento da evapotranspiración por elevación das temperaturas medias.

Maquis ou **maquia** é un ecosistema de matogueira mediterránea, formación de especies perennifolias, principalmente arbustivas, que acostuma refuxiarse sobre solos silíceos. Os madroños, as xaras, os brezos, lentiscos, romeus e outras especies son características desta formación, de maior porte xeralmente que as garrigas.

Agricultura ecolóxica: Sistema para cultivar unha explotación agrícola autónoma, baseada na utilización óptima dos recursos naturais e sen empregar produtos químicos de síntese ou organismos xeneticamente modificados (OXMs) -nin para abono nin para combater as plagas-, logrando deste xeito obter alimentos ecolóxicos á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respeta o medio ambiente.

Economías de escala: Concepto que expresa as vantaxes que para unha empresa comporta a súa localización nun determinado entorno: cando se produce unha concentración xeográfica das industrias as fábricas beneficianse de infraestruturas colectivas e repártense o custe destas. Cerca dun grande mercado de consumo economizan en gastos de transporte, beneficianse da concentración de man de obra ou de incentivos fiscais.

Esperanza de vida: Cálculo do número de anos que un individuo pode esperar vivir ben no momento de nacer ou cando acada unha determinada idade, sempre que os niveis de mortalidade permanezan constantes. Obtense a partir das táboas de mortalidade. A esperanza de vida é maior nas mulleres que nos homes, situándose en 2011 en 84,8 anos para as mulleres e 78,8 para os homes (en España).

Criterios de Avaliación / Corrección

Padrón municipal de habitantes: rexistro que leva a cabo cada concello sobre a poboación que vive no seu municipio. Contén tamén información sobre as características da poboación, aínda que algo menos detallada cá do censo. A súa principal vantaxe é a de tratarse dun rexistro vivo, dinámico, xa que cando unha persoa se traslada a vivir a outro municipio ten a obriga legal de empadroarse nel. De aí que sexa denominado padrón continuo de poboación. Isto quere dicir que en calquera momento se pode coñecer a cantidade de poboación dun municipio, así como as súas principais características, polo que é un dato de vital importancia para os concellos, xa que reciben máis ou menos financiamento en función da poboación que teñan.

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Observe a figura 1 e identifique as dez provincias peninsulares que recibiron 600.000 o mais turistas estranxeiros (1 punto).

Gerona (Girona), Barcelona, Tarragona, Madrid, Valencia, Alicante (Alacant), Granada, Málaga, Cádiz, Sevilla.

b) Comente os documentos seguindo estas cuestións:

- Analice os tipos de documentos nas figuras 1 e 2 (1 punto).

A figura 1 é un mapa administrativo de España, de **coropletas**, cunha división provincial, sobre a que se marca unha **lenda de cores** que amosa distintos intervalos de número de turistas estranxeiros recibidos por provincia a partir da información subministrada polo **INE (Instituto Nacional de Estadística)**. A figura 2 amosa unha fotografía panorámica dunha **paisaxe litoral humanizada**; nun primeiro termo, un outeiro, en segundo plano unha aglomeración urbana a carón dunha praia -con edificios moi elevados- e ao fondo unha liña de montañas que descende cara a un cabo.

- Comente a figura 2 analizando a súa posible localización, os elementos e as características deste espazo relacionándoos co tipo de actividade dominante (1 punto).

Amosase un modelo de paisaxe turística (que corresponde á cidade de Benidorm, no litoral alacantino). Nesta paisaxe aprécianse unha serie de recursos naturais que favorecen o turismo: praias longas e areosas que se combinan co clima mediterráneo -caracterizado por veráns secos e calorosos; o tipo de clima pode deducirse da escasa vexetación que existe na montaña do fondo e da cuberta vexetal de piñeiros que observamos no primeiro plano. Este espazo turístico caracterízase por unha abundante oferta hoteleira e extrahoteleira (apartamentos, cámpings), que dispón de boa accesibilidade por estrada e vía aérea, dada a súa proximidade aos aeroportos.

Este tipo de paisaxe turística presenta -como podemos observar na imaxe- elevadas densidades e un elevado número de todo tipo de aloxamentos situados ao longo da liña de costa ou nas súas proximidades, diminuíndo con rapidez cara ao interior. Benidorm, ao igual que outras cidades do litoral mediterráneo, optaron por potenciar a construción en altura para facer rendible ao máximo este tipo de turismo (baseado en moitas ocasións en importantes operacións inmobiliarias).

Este modelo turístico presenta todo tipo de actividades (hoteis, restaurantes, comercios, axencias de viaxes...) que teñen os turistas como clientes. Para iso precisa dispor de boas accesibilidades por estrada e vía aérea (proximidade a aeroporto). Estamos, polo tanto, diante do modelo máis estendido de oferta turística en España, o modelo de sol e praia, cunha abundante oferta dirixida a unha clientela masiva, de nivel medio, e moi concentrada nos meses de verán polo que enfróntase dende hai tempo a problemas de saturación, deterioración do medio ambiente e á competencia doutros destinos similares e máis baratos.

- Analice distintas repercusións da actividade económica dominante nesta paisaxe (1 punto).

As repercusións deste modelo turístico son variadas:

Demográficas: cunha alta concentración de poboación en tempada turística alta no verán, tanto pola afluencia de visitantes como de empregados nos servizos turísticos. Esta afluencia de visitantes pode provocar saturación e deterioro das infraestruturas, perda de calidade e problemas medioambientais. A estacionalidade deste lugar, sen embargo, é menor que a doutros lugares da costa, pois tanto o turismo de Semana Santa e pontes como a afluencia de turismo de terceira idade español e estranxeiro contribúen a alixear un pouco a devandita estacionalidade.

Económicas: creación dunha serie de empregos no sector turístico -que non obstante, están sometidos á estacionalidade da demanda- e na construción.

Tamén é unha actividade afectada por certa inestabilidade asociada á evolución da economía internacional: aumenta en períodos de crecemento económico, pero a chegada de turistas vese freada en fases de crise ou en momentos de inseguridade internacional.

Ordenación do territorio: nos espazos próximos tamén se implantan actividades en relación co turismo, como amosa a canteira aberta na montaña; os espazos agrarios e rurais da contorna pasaron a ser terreo urbanizable para todo tipo de aloxamentos ou infraestruturas turísticas, co conseguinte cambio de uso e valor do solo.

Medioambientais: a creación de bloques de hoteis e apartamentos á beira da liña de praia ten alterado profundamente a visión tradicional deste antigo porto pesqueiro. O incremento da actividade tamén provoca un consumo notable de recursos escasos -como a auga potable- e xera tamén importantes volumes de residuos sólidos urbanos (RSU), e diversos tipos de contaminación.

Criterios de Avaliación / Corrección

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares. Tipos de unidades morfoestruturais”. a) Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas (da era arcaica ao glaciario cuaternario). b) Tipos de unidades: zócolo, macizos antigos, cordilleiras de pregamento, cuncas sedimentarias.

a) Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas

O relevo actual da Península é o resultado dunha historia xeolóxica de millóns de anos na que se alternaron fases oroxénicas con outras de calma, nas que predominou a erosión e a sedimentación.

1) Durante a era arcaica ou Precámbrico (4.000-600 millóns de anos) emerxeu do mar unha banda arqueada de noroeste a sueste, formada por lousas e gneis, que comprendía case toda a actual Galicia. Tamén xurdiron elevacións nalgúns puntos illados do Sistema Central e dos Montes de Toledo. Este macizo precámbrico foi arrasado posteriormente pola erosión e cuberto case na súa totalidade polos mares paleozoicos.

2) Na era primaria ou Paleozoico (600-225 millóns de anos) tivo lugar a oroxénese herciniana. Dos mares que cubrían a maior parte da Península xurdiron as cordilleiras hercinianas, formadas por materiais como o granito, lousa e cuarcita. Ao oeste elevouse o Macizo Hespérico, arrasado pola erosión durante a mesma era primaria e convertido en zócalo ou meseta inclinada cara ó Mediterráneo. Ó noreste apareceron os macizos de Aquitania, Catalano-Balear e do Ebro, e ó sueste, o Macizo Bético-Rifeño. Todos eles foron tamén arrasados pola erosión e durante a era primaria convertidos en zócalos.

3) A era secundaria ou Mesozoico (225-68 millóns de anos) foi un período de calma no que predominaron a erosión e a sedimentación. Continuou o aplanamento das cordilleiras hercinianas. A inclinación do zócalo da Meseta cara ó Mediterráneo permitiu, nos períodos de transgresión mariña, unha fonda penetración do mar, que depositou no seu bordo oriental unha cobertura non moi potente de materiais sedimentarios plásticos (calcaria, arenito, marga). Tamén se depositaron enormes espesuras de sedimentos en fosas mariñas situadas nas actuais zonas pirenaica e bética.

4) Durante a era terciaria (68-1,7 millóns de anos) produciuse a oroxénese alpina. Como resultado desta:

- Levantáronse as cordilleiras alpinas, ó pregarse os materiais depositados nas fosas pirenaica e bética entre os macizos antigos, que actuaron como topes. Xurdiron os Pireneos entre os macizos de Aquitania, Hespérico e do Ebro (que acabou afundíndose), e as cordilleiras Béticas, entre os macizos Bético-Rifeño e o Hespérico.

- Formáronse as depresións prealpinas paralelamente ás novas cordilleiras, e entre estas e o macizo antigo: a depresión do Ebro, paralela ós Pireneos, e a do Guadalquivir, paralela ás Béticas.

- A Meseta viuse afectada pola oroxénese alpina. En primeiro lugar pasou a inclinarse cara ó Atlántico, determinando a orientación cara a este océano de boa parte dos ríos peninsulares. En segundo lugar formáronse os bordos montañosos da Meseta. No seu bordo oriental pregáronse os materiais plásticos depositados polo mar na era secundaria, orixinando a parte oriental da cordilleira Cantábrica e o Sistema Ibérico. No bordo sur da Meseta, o empuxe das cordilleiras Béticas levantou Serra Morena. Por último, o zócalo da Meseta, formado por materiais paleozoicos ríxidos, experimentou fracturas e fallas. Os bloques levantados formaron o Macizo Galaico e as serras interiores da Meseta (Sistema Central e Montes de Toledo). Nesta era tamén orixinouse o conxunto de natureza volcánica das Illas Canarias.

5) Durante a era cuaternaria (1,7 millóns de anos ata a actualidade) producíronse o glaciario e a formación de terrazas fluviais.

- **O glaciario** afectou ás cordilleiras máis altas (Pireneos, cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Sistema Ibérico e Serra Nevada), dando lugar a glaciares de circo e de val. Os glaciares de circo nas cabeceira dos vales e os glaciares de val no val dándolle a forma de “U”.

- **A época glaciario caracterizouse pola formación de terrazas fluviais**, antigos chans de inundación abandonados polo posterior encaixamento fluvial. As terrazas son froito das alternancias climáticas do Cuaternario. Os sucesivos ciclos glaciais e posglaciais do Cuaternario deron lugar a terrazas graduadas. Na Península, as máis características son as formadas polo Douro, o Texo, o Guadiana, o Guadalquivir e o Ebro.

b) Tipos de unidades morfoestruturais: zócalos, macizos antigos, cordilleiras de pregamentos, cuncas sedimentarias.

Unidades morfoestruturais. Resultan de movementos tectónicos que se orixinan no interior da Terra e dan lugar a levantamentos, afundimentos e desprazamentos da codia terrestre, e da posterior actuación da erosión e da sedimentación. Ambos procesos están condicionados pola natureza das rochas. Na Península atópanse presentes as grandes unidades morfoestruturais do relevo continental: zócalos, macizos antigos, cordilleiras de pregamento e cuncas sedimentarias ou depresións.

1) Os zócalos son chairas ou mesetas formadas na era primaria ou paleozoico como resultado do aplanamento pola erosión de cordilleiras xurdidas nesta era. Os materiais paleozoicos son rochas silíceas: granito, lousa, cuarcita e xistos. Son ríxidas e ante novos empuxes oroxénicos fractúranse ou rompen. Na actualidade, os zócalos son relevos horizontais que ocupan extensas áreas na metade occidental da Península.

2) **Os macizos antigos** son montañas formadas na era terciaria polo novo levantamento dun bloque como consecuencia do movemento oroxénico alpino; son materiais paleozoicos. Estes macizos presentan cumes suaves e arredondados. Na Península, son macizos antigos as serras interiores da Meseta (Sistema Central e Montes de Toledo), o Macizo Galaico e a parte occidental da cordilleira Cantábrica.

3) **As cordilleiras de pregamento** son grandes elevacións montañosas que xurdiron na oroxénese da era terciaria polo pregamento de materiais sedimentarios calcarios, depositados polo mar na era secundaria. Distínguense dous tipos:

- **Cordilleiras intermedias**, pregamento de materiais depositados nos bordos dos zócolos (Sistema Ibérico e parte oriental da cordilleira Cantábrica).

- **Cordilleiras alpinas**, pregamento de materiais depositados en xeosinclinais ou fosas mariñas longas e profundas (Pireneos e cordilleiras Béticas). Teñen fortes pendentes e formas escarpadas.

4) **As concas sedimentarias ou depresións**: zonas afundidas formadas na era terciaria e cheas con sedimentos de calcaria, arxila, arenitos e margas. As concas sedimentarias son de dous tipos: as concas sedimentarias formadas polo afundimento dun bloque dun zócalo a causa das presións oroxénicas da era terciaria (depresións das mesetas do Douro, Texo e Guadiana); e as depresións prealpinas, localizadas a ambos lados das cordilleiras alpinas (depresións do Ebro e do Guadalquivir). As concas sedimentarias son relevos horizontais ou suavemente inclinados porque non foron afectados por oroxéneses posteriores.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: **aridez, barlovento,unca fluvial, padrón municipal de habitantes, esperanza de vida, saldo migratorio** (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Aridez: termo que indica sequidade, falta de humidade. O índice de aridez establece a relación entre as chuvias e o poder desecante da evaporación, representada polas temperaturas.

Barlovento: aba dun relevo montañoso que pola súa orientación respecto ao vento dominante queda exposto ao fluxo ascendente do aire. A aba de sotavento, polo contrario, queda exposta ao fluxo descendente.

Cunca fluvial ou hidrográfica é a porción de terreo que drena a un colector principal (río ou lago), limitada por unha liña de cumes ou divisoria de augas – liña desde a que as augas correntes flúen en direccións opostas, e que soe coincidir cos niveis máis elevados de determinados sistemas montañosos-.

Padrón municipal de habitantes: rexistro que leva a cabo cada concello sobre a poboación que vive no seu municipio. Contén tamén información sobre as características da poboación, aínda que algo menos detallada cá do censo. A súa principal vantaxe é a de tratarse dun rexistro vivo, dinámico, xa que cando unha persoa se traslada a vivir a outro municipio ten a obriga legal de empadroarse nel. De aí que sexa denominado padrón continuo de poboación. Isto quere dicir que en calquera momento se pode coñecer a cantidade de poboación dun municipio, así como as súas principais características, polo que é un dato de vital importancia para os concellos, xa que reciben reciben máis ou menos financiamento en función da poboación que teñan.

Esperanza de vida: cálculo do número de anos que un individuo pode esperar vivir ben no momento de nacer ou cando acada unha determinada idade, sempre que os niveis de mortalidade permanezan constantes. Obtense a partir das táboas de mortalidade. A esperanza de vida é maior nas mulleres que nos homes, situándose en 2013 en 85,6 anos para as mulleres e 79,97 para os homes (en España).

Saldo migratorio: resultado de poñer en relación inmigración e emigración nun determinado territorio. O saldo migratorio é positivo cando o número de inmigrantes é superior ao de emigrantes, e negativo cando a emigración supera á inmigración.

2.- Comente os documentos presentados atendendo ás seguintes cuestións (puntuación máxima de 4 puntos):

- **Relacione o número de cada imaxe cunha letra da figura inicial (1 punto).**

A 1; B 2; C 3; y D 4.

- **Identifique os tipos de rochas predominantes en cada paisaxe especificando a súa orixe xeolóxica (1 punto).**

Criterios de Avaliación / Corrección

Na fotografía 1 estamos diante dunha paisaxe granítica, concretamente diante dunha pedra cabaleira nun berrocal, característico da España silíceo. Esta área está formada por rochas cristalinas e ríxidas da era precámbrica e primaria, nas que predomina o granito.

A fotografía 2 amosa unha paisaxe de *badlands* ou “terras malas” de relevos con cárcavas propia de áreas onde hai depósitos sedimentarios pouco resistentes (arxilas, margas, conglomerados ou xesos), depositados a finais do Terciario e Cuaternario.

A fotografía 3 é a paisaxe dun relevo formado por sedimentos da era secundaria e comezos do terciario, pregados durante a oroxenia alpina. Corresponde a páramos, unha estrutura de relevo tabular que se asenta sobre terreos calcarios.

A fotografía 4 corresponde a un val fluvial que debuxa unha profunda foz. A litoloxía predominante é calcaria formada nos fondos mariños na era secundaria e relaciónase co relevo cárstico, no que as gortexas ou foces son vales estreitos e profundos con vertentes abruptas, causadas pola erosión fluvial.

- **Analice os procesos erosivos e os tipos de modelado resultantes en cada caso (2 puntos).**

A paisaxe da fotografía 1 reflicte os procesos de modelado do relevo granítico, nos que as propias características desta rocha, cristalina e ríxida, dan lugar a alteracións físico-químicas que inclúen a xelifracción, formando gretas ou diaclasas que fendem as rochas e dan lugar a tors que, tras unha acción continuada, poden fender as rochas e dar lugar a caos de bolas, penedos, etc.

A fotografía 2 dá lugar a unha paisaxe de cárcavas sobre rochas febles, alí onde hai unha alternancia de períodos secos e cálidos con outros de choivas torrenciais, curtas e intensas, e sen existir protección vexetal (especialmente no SE peninsular). Con estas condicións, as arroiadas provocan un forte desgaste nas vertentes, formando cárcavas ou *badlands*.

A fotografía 3, que se corresponde cunha área de relevo tabular, explícase pola existencia de rochas máis duras (especialmente calcarias) no nivel superior do relevo. A medida que a auga e outros axentes erosivos van actuando sobre o relevo, as capas inferiores máis brandas son erosionadas, dando lugar a fondos de val abertos ou campiñas, mentres no alto, as chairas estruturais darán lugar aos páramos e outro tipo de relevos tabulares máis, que quedan en resalte, a xeito de relevos residuais reducidos (mesas, *moas*, etc.).

A fotografía 4 correspóndese cunha paisaxe cárstica; rochas duras que se fracturan formando gretas, e as súas formas resultan tanto da disolución subterránea como da acción da auga en superficie. Algunhas das formas características son o canón, garganta ou foz; tamén formaríanse covas con estalactitas, estalagmitas que unha vez afundidas darán lugar a depresións: dolinas, uvalas, poljés.

**3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):
Tema: "Transformacións recentes na estrutura das cidades". a) Cidade difusa. b) Os cambios no centro urbano (degradacións/rehabilitación). c) Cambios de uso no solo urbano.**

A maior parte das cidades españolas posúen elementos de época distintas: o centro histórico, cos seus monumentos e rúas estreitas e tortuosas; os ensanches, de trazado regular; os arrabaldes, de crecemento desordenado; os desenvolvementos urbanos densos, en edificación aberta; e as novas periferias, cada vez máis dispersas e fragmentadas.

As cidades transfórmanse: crecendo cara ao exterior coa creación de novos espazos residenciais e áreas de actividade económica, e por procesos de reestruturación no seu interior.

Aparecen centros comerciais, parques empresariais ou urbanizacións que se constrúen nas aforas. Prodúcese un proceso de fragmentación do espazo urbano con pezas conectadas entre si por autovías e estradas.

a) Cidade difusa

O modelo de cidade mediterránea, compacta, foise substituíndo polo tipo de cidade difusa de modelo anglosaxón.

Criterios de Avaliación / Corrección

A cidade difusa ou dispersa esténdese horizontalmente e está separada en áreas especializadas e monofuncionais: zonas residenciais (diferenciadas por prezos e por grupos sociais), áreas comerciais, zonas de lecer, centros de ensino, universidades, barrios administrativos e de oficinas... Ademais diminúe: o contacto humano, os intercambios e a sociabilidade.

É unha tipoloxía urbana caracterizada pola mestura de usos e de funcións e pola tendencia a ocupar un territorio moi extenso. A aceleración na ocupación do espazo implicou maior mobilidade individual: as viaxes pendulares cotiás (por motivos de traballo, estudo ou lecer) aumentaron en número e distancia .

b) Os cambios no centro urbano (degradación vs rehabilitación)

A partir da segunda metade do século XX, os centros históricos de moitas cidades españolas comezaron a sufrir unha progresiva deterioración e abandono. A maior parte dos que permaneceron eran anciáns con baixos niveis de renda, polo que o centro experimentou un proceso de envellecemento e empobrecemento. Todo isto reflectiuse nunha deterioración urbana, xa que moitas vivendas quedaron baleiras, e noutras non se realizaron as obras necesarias de mantemento e renovación.

Ao mesmo tempo, a actividade económica tamén se foi desprazando cara aos ensanches. O centro histórico só foi capaz de reter algúns centros administrativos e eclesiásticos instalados en edificios monumentais, así como os comercios tradicionais.

Ao longo das últimas décadas, as tendencias anteriores víronse, en parte, compensadas por procesos de revitalización destas zonas debido a:

- **Políticas públicas de conservación e revitalización.** As administracións públicas investiron na rehabilitación dos edificios e a mellora dos espazos públicos. Ademais, deron un novo uso a vellos monumentos, converténdoo, por exemplo, en edificios administrativos ou universitarios, e dinamizando así a vida dos centros históricos.

- **Desenvolvemento do turismo cultural.** Que potenciou a rehabilitación dos centros históricos españois, mediante a restauración de edificios e a peonalización de rúas e prazas. No interior dalgunhas cidades realizáronse importantes operacións urbanísticas, consistentes, por exemplo, en reconverter ás vellas áreas industriais en novos espazos de ocio.

- **Cambio de actitude da poboación local.** Comeza a verse como unha área de oportunidades económicas e un lugar agradable para vivir. Así, os centros dalgunhas cidades están atraendo poboación nova e de maior nivel de renda, o que contribúe a conservar os edificios residenciais .

Subsisten problemas especialmente nalgúns barrios, onde ao envellecemento da poboación e o baixo nivel de renda, se unen a marxinación social e a conformación de áreas cunha forte concentración de inmigrantes, o que dificulta a súa integración no conxunto da sociedade.

c) Cambios no uso do solo urbano

Os usos do solo son as diferentes utilizacións do espazo urbano: comercial e de negocios, residencial, industrial, de equipamento, etc.

Na **cidade preindustrial** (dende a súa orixe ata mediados do século XIX) o casco antigo era a parte da cidade urbanizada. Ocupaba unha pequena superficie da cidade actual, pero ten un gran valor polo legado cultural que contén. Nesta época os usos do solo eran moi diversos (multifuncionalidade).

A cidade preindustrial sufriu notables modificacións como resultado do **proceso de industrialización**, que tivo lugar entre mediados do século XIX e a década de 1960. O casco antigo experimentou unha progresiva terciarización e consolidouse como centro comercial e de negocios na cidade. O resultado foi o desprazamento dos usos residenciais e a deterioración dos edificios pola contaminación e o tráfico.

As cidades que nesta época implantaron industrias modernas atraeron unha numerosa poboación campesiña e estendéronse creando ensanches para os burgueses, barrios industriais e obreiros, e barrios axardinados. Producíuse unha división entre unha área residencial cara para a burguesía e as zonas industriais e os barrios marxinais –con escasos servizos e equipamentos- para o proletariado que creceron arredor do ensanche, ao longo das estradas e camiños que partían da cidade ou xunto ás industrias e ás estacións ferroviarias.

Os barrios-xardín debidos ás ideas naturalistas. Tratábase de vivendas destinadas ás clases medias e baixas, se ben co tempo tamén as clases altas demandaron este tipo de espazos. Co posterior crecemento da cidade, estes espazos quedaron situados en zonas relativamente céntricas, o que favoreceu a súa revalorización e o seu cambio de uso por exemplo, gardarías ou clínicas privadas.

Na **década de 1960**, as principais cidades españolas iniciaron un enorme crecemento debido ao incremento natural da poboación e a inmigración e o progresivo desenvolvemento dos servizos. As cidades ampliaron a área

Criterios de Avaliación / Corrección

edificada e crearon extensas periferias. Estas áreas urbanas chegaron a unirse ás veces cos municipio veciños, constituíndo aglomeracións urbanas.

Na actualidade (**época postindustrial**) algunhas zonas industriais e barrios obreiros quedaron nunha posición céntrica, o que revalorizou o solo que ocupan, dando lugar ao baleirado industrial e aparición de usos terciarios ou residenciais. Pola contra, os espazos menos accesibles e desorganizados mantéñense como espazos marxinais.

Nos últimos anos, as grandes cidades teñen un ritmo de crecemento menor, pero continúan estendéndose no espazo, debido á difusión de parte da súa poboación e da súa actividade económica cara a periferias cada vez máis afastadas. Estas periferias estrutúranse en diferentes áreas: barrios residenciais, áreas industriais e áreas de equipamento:

- Os **barrios residenciais** da periferia responden a diversas tipoloxías e presentan bastante homoxeneidade social derivada do prezo do solo e da distancia ao centro: **barrios marxinais**, **de vivendas de promoción oficial**, **polígonos de vivenda de promoción privada**, **barrios de quinteiro pechado**, **áreas de vivenda unifamiliar**.

- As **áreas industriais** localízanse xunto ás principais vías de acceso á cidade, buscando a proximidade urbana e solo abundante a prezo alcanzable. Tamén inclúen espazos industriais novos, como parques empresarias e tecnolóxicos, en áreas de gran calidade ambiental; ou polígonos de naves acaroadas destinados a empresas con menos recursos.

- As **áreas de equipamento** son froito da actual descentralización das actividades económicas cara á periferia urbana: grandes superficies comerciais, centros escolares, sanitarios e administrativos e outros servizos.

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: aluvián, ría,unca fluvial, acuicultura, poboación activa, transición demográfica.

Aluvián: depósito de materiais detríticos, transportado e depositado de xeito transitorio ou permanentemente por unha corrente de auga. Habitualmente, está composto por areas, gravas, arxilas ou limos, acumulándose nas canles das correntes, nas chairas inundables e nos deltas.

Ría: val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes.

Cunca fluvial ou hidrográfica é a porción de terreo que drena a un colector principal (río ou lago), limitada por unha liña de cumes ou *divisoria de augas* – liña desde a que as augas correntes flúen en direccións opostas, e que soe coincidir cos niveis máis elevados de determinados sistemas montañosos-.

Acuicultura: conxunto de actividades que, mediante algún tipo de intervención no ciclo biolóxico ou no medio no que habitan os peixes ou plantas, permiten controlar a súa reprodución e/ou crecemento. E moi significativa en Galicia, e está restrinxida a un pequeno abano de especies, en función da súa importancia económica e do desenvolvemento dunha tecnoloxía axeitada e limitada espacialmente á beiramar ou as augas continentais.

Poboación activa: é aquel sector da poboación que se atopa en idade apta para traballar (16 a 65 anos). Se está empregada denomínase poboación activa ocupada; se está en paro, poboación activa desocupada ou desempregada.

Transición demográfica é un modelo que describe os cambios demográficos acaecidos ao longo do tempo nos países desenvolvidos: transición dende unha situación de altas taxas de natalidade e mortalidade a outra caracterizada por un descenso delas, pasando pola fase intermedia, de descenso da mortalidade antes que a natalidade, permitindo un rápido crecemento demográfico.

2.- Atendendo ao documento conteste as seguintes cuestións (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Indique o nome das catro illas cos aeroportos de maior número de pasaxeiros (1 punto).

Mallorca, Tenerife, Gran Canaria e Lanzarote.

b) Identifique o tipo de documento e expoña brevemente as características do transporte aéreo (1 punto).

Criterios de Avaliación / Corrección

O documento recolle un mapa temático de España de base provincial que representa dúas variables: unha, cuantitativa, amosa o tráfico de pasaxeiros nos aeroportos comerciais españois no ano 2008 utilizando unha barra na que a lonxitude é proporcional ao número de pasaxeiros e a súa base está situada na provincia onde se atopa o aeroporto. Outra, cualitativa, sinala mediante a cor amarelo as provincias con aeroporto. No extremo superior de cada barra aparece o dato cuantitativo en miles, e os aeroportos cun tráfico menor a 250.000 pasaxeiros aparecen representados cun punto na súa localización provincial. A fonte é o Ministerio de Fomento.

O transporte aéreo destínase principalmente ó traslado de pasaxeiros a longas distancias. As mercadorías transportadas por este medio se restrinxen ás máis urxentes (medicinas), ás de gran valor (material informático), ás de rápida caducidade (correo, alimentos) e ás de escaso volume.

As súas principais vantaxes son ser un medio rápido, seguro e cómodo. Nas últimas décadas experimentou un rápido desenvolvemento debido ao crecemento da renda, os cambios na organización espacial da economía, o aumento da demanda turística, profesional e de negocios e o abaratamento dos prezos polo xurdimento de compañías de baixo custo.

O transporte aéreo tamén presenta problemas como:

- a súa capacidade é limitada polo que resulta un medio caro.
- produce unha alta contaminación atmosférica ao utilizar queroseno como combustible.
- a contaminación acústica polos ruídos e vibracións provocados polo despegue e aterraxe dos avións obriga a que os novos aeroportos se constrúan fóra das áreas urbanas, necesitando así vías de comunicación entre as cidades e os aeroportos.
- Un inconveniente engadido nos últimos anos foron os rigorosos controis de seguridade para previr atentados terroristas, que fan aumentar o tempo de espera nos aeroportos.

Na última década, as compañías tradicionais entraron en proceso de declive ao proliferar compañías de baixo custe (*low cost*) e os Gobernos impulsaron medidas para liberalizar as compañías que eran propiedade do Estado, que acabaron privatizándose ou fusionándose para ser máis competitivas.

c) Explique as causas dos distintos valores entre provincias (1 punto).

No mapa podemos observar que os aeroportos con maior tráfico de pasaxeiros se concentran no litoral mediterráneo e nas illas. A única excepción é o aeroporto “Adolfo Suárez” de Madrid. Isto débese a que o transporte aéreo é un pilar básico da economía española porque está relacionado directamente co turismo, que é unha das maiores fontes de riqueza do país.

No mapa podemos ver que os principais aeroportos españois son os de Madrid, Barcelona e Palma de Mallorca. O de Madrid é o máis importante xa que pola estrutura xerárquica da rede aeroportuaria española funciona como *hub* ou aeroporto central, que ten conexións directas con case todos os aeroportos españois e cos principais do estranxeiro. Os aeroportos periféricos teñen que realizar os seus enlaces a través de Madrid aínda que tamén destaca o aeroporto do Prat de Barcelona, que aspira a un papel de *hub*.

Despois de Madrid e Barcelona, salientan aqueles aeroportos que serven a importantes zonas turísticas tradicionais como os do arquipélago canario: Tenerife, As Palmas, Lanzarote e Forteventura; os do arquipélago balear: Palma, Eivissa e Menorca e no litoral mediterráneo os de Málaga e Alacant.

d) Expoña as consecuencias do elevado número de aeroportos (1 punto).

Un aspecto que podemos observar no mapa é a existencia en España de numerosos aeroportos xa que ata ben pouco se seguiu a política de que todas as cidades de certo tamaño contasen cun (modelo de aeroporto-cidade).

A práctica totalidade dos aeroportos españois son propiedade de “AENA Aeroportos”. Cando foi posible a construción de novos aeroportos por parte de xestores independentes, o xestor público contaba xa con aeroportos nas

Criterios de Avaliación / Corrección

zonas con maior tráfico aéreo. Nos últimos anos construíronse varios aeroportos en distintas provincias se ben todos eles teñen tráfico moi reducido (impacto da crise económica) e non son rendibles xa que un aeroporto necesita boa accesibilidade e unha importante loxística que comprende grandes instalacións e servizos adecuados para desempeñar a súa función e se non teñen un número mínimo de viaxeiros deixan de ser atractivos para moitas actividades económicas como servizos de restauración, oficinas bancarias, comercios, axencias de aluguer de vehículos ou transportes urbanos.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):

Tema: "Diversidade climática galega e a súa influencia nos ríos e na vexetación". a) Diversidade climática. b) Os ríos de Galicia. c) A diversidade bioxeográfica.

a) Diversidade climática.

O clima de Galicia vese moi influído pola súa localización xeográfica. Así, a situación á beira do océano e a latitude na que se atopa marcan os caracteres climáticos. A orografía é outro factor definitorio do clima, que favorece a subdivisión interna nunha serie de variedades. A posición do país fai que existan uns contrastes estacionais moi marcados, alternando a influencia da corrente polar no inverno e das altas presións subtropicais (Anticiclón de Azores) no verán. Esta variedade de condicións atmosféricas explican a diversidade notoria de tipos de tempo que se dan en Galicia.

O clima da nosa comunidade presenta trazos comúns con todos os climas oceánicos de Europa Occidental, pero tamén características diferenciadas. Os elementos comúns son as continuas chegadas de masas húmidas do Oeste que favorecen unhas intensas precipitacións e unhas características térmicas de suavidade. Malia estes caracteres comúns, Galicia individualízase pola seca estival acentuada e a maior duración do verán.

As variedades climáticas de Galicia están todas incluídas dentro do clima oceánico, se ben se deben diferenciar diversas áreas:

1.- O oceánico húmido, suave e de choivas regularmente distribuídas ao longo do ano, cingúese á franxa setentrional costeira, desde Fisterra ata a Mariña lucense, incluíndo a Costa da Morte e o Golfo Ártabro.

2.- O oceánico hiperhúmido, con precipitacións máis abundantes e redución da temperatura media, cingúese ao chanzo da « Terra de Ordes », Soneira, comarca de Santiago e vertentes occidentais da Dorsal Meridiana, onde o efecto foehn e a exposición a barlovento fai que se incrementen as precipitacións por enriba dos 1.500 mm anuais.

3.- Nas Rías Baixas estamos diante dunha variedade climática con tendencia á aridez estival, con incremento das temperaturas medias e descenso das precipitacións no verán -en comparación coa cornixa setentrional-.

4.- As serras setentrionais, as da Dorsal Galega e o Xurés constitúen un ámbito de transición entre a Galicia occidental e oriental, marcado polo incremento medio das precipitacións e o descenso das temperaturas medias por mor da altitude, se ben opoñen as abas de barlovento -máis chuviosas- ás de sotavento -máis secas-.

5.- O oceánico continental, con incremento dos días de xeada, tendencia a una maior oscilación térmica e precipitacións máis reducidas en contraste coa costa, cingúese á meseta lucense e áreas do interior Norte.

6.- Cara ao sur, nas depresións do Sil, Ourense, Limia e Verín, a continentalización dá paso a un matiz mediterráneo que se manifesta claramente na aridez estival e na elevación notable das temperaturas medias nesa época do ano.

7.- O oceánico de montaña afecta ás serras orientais e sudorientais, cos efectos propios da montaña: incremento das precipitacións -de neve nos meses invernales- e baixada das temperaturas medias por mor da altitude.

b) Os ríos de Galicia.

A rede fluvial ven definida pola interrelación entre a disposición do relevo e a pluviosidade. As dous favorecen a existencia de numerosísimos cursos fluviais, a meirande parte deles de curto percorrido. Case a totalidade dos ríos galegos amosan un réxime de tipo pluvial oceánico, caracterizado pola abundancia e regularidade dos caudais, con enchentas invernales e estiaxes moderadas no verán. Os ríos que desembocan na *vertente cantábrica* (Navia, Eo, Masma, Landro, Sor, Mera, etc.) son os que teñen maior regularidade neste réxime. Pola contra, *os que desaugan nas Rías Baixas* presentan descensos moi importantes no seu caudal durante o verán (Tambre, Ulla, Deza, Umia, Lérez, Verdugo, etc.). Mentres que *os ríos que desembocan no Golfo Ártabro e na área de Fisterra* manteñen uns caracteres intermedios (Grande de Xubia, Eume, Mandeo, Mero, Anllóns, Grande, Castro e Xallas).

O Miño e o seu principal afluente o Sil merecen unha mención aparte, xa que tanto por constituírse nunha longa arteria fluvial (cruza de N a S a maior parte da provincia de Lugo e boa parte das de Ourense e Pontevedra), como pola amplitude da súa cunca e a diversidade de áreas climáticas que atravesan, teñen unha variabilidade no seu comportamento hídrico que os individualizan respecto aos demais de Galicia.

c) A diversidade bioxeográfica.

As condicións térmicas e pluviométricas son óptimas para o desenvolvemento do manto vexetal. A maior parte de Galicia inclúese na rexión florística Eurosiberiana, na superprovincia Atlántica. Só o extremo suroriental da provincia de Lugo e boa parte da de Ourense pertencen á rexión florística mediterránea. Na primeira destas rexións a vexetación climácica son bosques mixtos caducifolios, con dominio de carballos (*Quercus robur*), agás nos Ancares e no Courel, onde dominan os cerquiños (*Quercus pyrenaica*), acompañados de sobreiras na Galicia occidental (*Quercus suber*), e do carballo peciolado (*Quercus petrae*) no N e NL, que á súa vez se ven acompañados en xeral de abeleiras (*Corylus avellana*), ameneiros (*Alnus glutinosa*), olmos (*Ulmus glabra*), freixos (*Fraxinus excelsior e augustifolia*), arces (*Acer pseudoplatanus*), bidueiros (*Betula alba*) e faias (*Fagus sylvatica*).

Na rexión mediterránea as comunidades climácicas son tamén bosques, neste caso de cerquiños, agás na cunca do Sil, onde son substituídos por aciñeiras (*Quercus ilex subsp. Ballota*). Os bosques de cultivo tamén adquiriron notable importancia dende épocas remotas, é o caso dos soutos de castiñeiros (*Castanea sativa*), introducidos hai máis de 2.000 anos. Os piñeirais son de implantación máis recente, especialmente o *Pinus pinaster* (piñeiro marítimo ou galego) chegado dende Portugal no século XVII. Máis recentemente introduciuse o eucalipto (*Eucalyptus globulus*), orixinario de Australia e que comezou a cultivarse a partir de mediados do século XIX, malia os problemas medioambientais que xera.

A paisaxe vexetal actual é resultado da acción antrópica, pois a vexetación climácica de frondosas caducifolias está moi deteriorada e en franco retroceso, predominando na actualidade as especies arbóreas foráneas, o mesmo o mato de substitución do bosque orixinario, fundamentalmente os toxos (*Ullici europaei*), piornos (*Cytisus lusitanicus*) e breixos (*Ericetum cinerae*).

No mapa de distribución de cubertas vexetais en Galicia destaca a forte penetración dos eucaliptais na Mariña lucense e costa norte coruñesa, ao tempo que incrementan a súa proporción en todo o litoral occidental, onde as masas de frondosas ceden tamén ante a presión das coníferas. A mestura de coníferas e frondosas está moi estendida polas provincias de poñente e no cadrante noroccidental de Ourense, mentres a principal cantidade de frondosas e carballeiras se refuxia na provincia de Lugo -principalmente- e, en menor medida, nas montañas ourensás.

De todos xeitos, o espazo non arborado ocupa unha proporción moi notable nas altas serras orientais e, sobre todo, sudorientais, en depresións como a Limia e nos altos cumes da Dorsal Galega e outras serras máis occidentais.